



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:15 horas do día 23 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 22 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Carlos López Font

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Incidencia

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106) - (Proposta de exclusión e declaración do procedemento deserto)

A secretaria entrega aos membros da Mesa o informe emitido polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 23 de setembro de 2016 no que fai constar que a oferta económica presentada polo único licitador presentado e admitido, SIELVIGO, SL, excede do orzamento base de licitación.

Ante a falta de asistencia do xefe do Servizo e que no informe remitido non se fai constar que se realizaron as oportunas comprobacións das correctas publicacións nos boletíns oficiais, tal e como se acordara pola Mesa na sesión do 21 de setembro de 2016, o presidente decide de común acordo deixar pendente o asunto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:13	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB4A-C3D2BF-4AA8D4-54HNTZ-C9B1PA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 09:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O presidente da Mesa (Carlos López Font)

A secretaria (Ángela Fernández López)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:13	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AB4A-C3D2BF-4AA8D4-54HNTZ-C9B1PA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		